



## FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E  
XUVENTUDE



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2025 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela é unha fundación do sector público autonómico sen ánimo de lucro dedicada á promoción do estudo da obra de Camilo José Cela e á conservación do seu patrimonio cultural, humano e anecdótico, así como ao fomento da cultura en tódolos seus ámbitos, tal e como se recolle nos seus Estatutos (Artigo 7 dos mesmos).

A Fundación foi constituída polo propio Camilo José Cela no ano 1986 e tras 25 anos en funcionamento como institución privada pasou en xuño de 2012 a converterse nunha fundación do sector público autonómico coa consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia (Artigo 1 dos seus Estatutos).

Na Fundación consérvase o inxente legado que Camilo José Cela doou de forma gratuita para a posteridade e que engloba dende unha completa colección dos seus manuscritos, a unha biblioteca composta por máis de 48.000 volumes, unha hemeroteca de máis de 40.000 exemplares de publicacións periódicas, un epistolario de 95.000 cartas de máis de 12.900 personalidades distintas da vida social e cultural da segunda metade do século XX, unha pinacoteca de ao redor de 2.000 obras orixinais entre pinturas, óleos, gravados, debuxos, etc., así coma centos de títulos, condecoracións e outras coleccións de todo tipo.

Para o mantemento e conservación de estes importantes fondos así coma para o cumprimento dos seus fins fundacionais a Fundación pode realizar todo tipo de actividades referidas ao ámbito da cultura en xeral e ao literario e artístico en particular (Artigo 8 dos seus estatutos) tendo como espazo físico de actuación principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia aínda que non se establece límite xeográfico ou político algún para a súa actuación (Artigo 6 dos seus Estatutos), podendo incluso crear Anexos en calquera outro lugar vinculado á vida e obra de CJC tanto dentro como fóra de Galicia (Artigo 5 dos seus Estatutos).

As súas liñas prioritarias de actuación foron xa definidas polo propio escritor nos seus estatutos fundacionais e refírense fundamentalmente a:

- ter unha vocación fundamentalmente literaria: Dirixida a conservar e difundir a obra literaria de CJC; lugar de encontro de xoves escritores; promover todo tipo de iniciativas dirixidas a mellorar a consideración social dos escritores; xerar debates sobre o papel da literatura; servir de plataforma para difundir a obra de creación de autores que escriban nas linguas españolas.

- Mantemento da Aula de poesía José García Nieto: Facilitar o acceso á biblioteca “Aula de poesía García Nieto” e difundir a obra do poeta ovetense por medio de convocatorias públicas e iniciativas editoriais.

- Vocación polas artes plásticas: Tendente á organización de exposicións, talleres e actividades plásticas a partires da ampla pinacoteca coa que conta a Fundación e á promoción das mesmas a tódolos niveis.

- Centro documental “España, Xaneiro de 1942- Xaneiro 2002”: Cun obxectivo claro, facilitar o acceso ao epistolario de CJC, ao fondo documental, ao arquivo de prensa e ao arquivo do escritor co fin de descubrir novas claves no devir cultural español durante os 60 anos que CJC se dedicou ao oficio de escritor (segunda metade do século XX).

- Promoción de Iria Flavia: Iria Flavia é a aldea natal do escritor; en 1996 a SS.MM. O Rei concedeulle a Camilo José Cela o título de Marqués de Iria Flavia e dende 2002 está enterrado no seu cemiterio de Santa María de Adina cumprindo os seus expresos desexos. A entidade pública, por tanto, ten o deber de promover todo tipo de actividades a favor desa localidade, do seu patrimonio histórico e dos seus veciños.

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela conta para o cumprimento destes fins fundacionais cunha sede en Iria Flavia en catro das oito Casas dos Cóengos -conxunto arquitectónico datado no século XVIII e declarado BIC en 1975- e que se constitúen nunha superficie total de 8.000 metros cadrados (2.400 de superficie construída e 5.600 de xardíns).

## PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN DE CARA O 2025

Tal e como se avanzou no ano 2024, nos próximos anos vanse producir un cúmulo especial de efemérides celianas, xa que se empezan a concentrar as efemérides máis importantes en torno á obra de Cela.

Como entidade cultural relevante e cun dos legados de autor máis importantes do mundo, a Fundación ten que ser capaz de aproveitar estas efemérides para reivindicar a obra do premio Nobel a través da súa contemporización e a través dunha programación que busque conxugar á ollada ao pasado cunha nova mirada ao futuro da cultura, á literatura e ás artes.

Dende os 80 anos da publicación do seu primeiro poemario “Pisando la dudosa luz do del día”, os 75 anos da estrea da película “El sótano” na que Camilo José Cela participou na súa guionización e como actor ou os 75 anos tamén da exposición dos seus cadros na Galería de Lino Pérez da Coruña, dos 70 anos da publicación de “La catira”, dos 55 anos da estrea en Nova York de “María Sabina”, dos 50 anos do seu nomeamento como Socio de Honra da Asociación da prensa de Madrid, dos 45 anos do seu nomeamento coma Doctor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, dos 35 anos

da publicación da súa recompilación de textos periodísticos galegos con ilustracións de Laxeiro “O Camaleón Solteiro” e, finalmente, ata os 30 anos da concesión do máximo galardón da letras españolas, o premio Cervantes (1995), e da creación da que fora a revista literaria da Fundación “El Extramundi y los papeles de Iria Flavia”.

Cada unha destas efemérides debe entroncar coas liñas básicas da programación cultural da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, sendo unha delas a que marcará o rumbo de todo o ano: o 30 aniversario da concesión do Cervantes ao escritor padronés, de xeito que a entidade retome o seu marcado carácter literario, transversal, innovador e cun decidido carácter educativo.

## EIXO I. PROGRAMACIÓN CULTURAL DA FUNDACIÓN NO 2025

### 1. Participación en iniciativas arredor da figura e da obra de Cela

A Fundación Pública ten o deber de programar e atender calquera iniciativa arredor da obra de Cela. Neste 2025, e co hilo condutor do 30 aniversario do Premio Cervantes ao escritor padronés, a programación cultural tenderá a recuperar a súa parte máis literaria e conxugala coa súa vertente máis innovadora.

Faranse exposicións sobre as “Revistas literarias de onte e de hoxe” na honra das revistas literarias dirixidas por CJC e da ampla hemeroteca da Fundación, sobre os 25 Doctorados Honoris Causa recibidos polo premio Nobel, reeditando a exposición que xa fixera el en vida e para a cal, o propio escritor, encargara uns manequíns coa súa forma a fin de que os traxes penduraran perfecto e sobre “Algún dos outros Cela” na que se fará fincapé nas facetas menos coñecidas como actor, pintor ou creador de obras de teatro.

Tamén neste 2025 a Fundación Pública participara en exposicións internacionais seguindo a súa liña de préstamo de pezas, esta vez prestando un dos debuxos de Lorca que custodia para unha exposición internacional que se vai celebrae na cidade de Chicago.

A súa vez, a entidade pública ten coma obxectivo, neste 2025, organizar anualmente uns Coloquios Internacionais sobre a figura de Cela (este primeiro ano dedicado a “La Catira”), sacar adiante unha convocatoria de Residencia de Escritores na súa sede de Iria Flavia e un encontro anual tamén de escritores que se converta nun foro de debate sobre o estado actual do panorama literario galego e español. Asemade, e debido a que non se realizou no ano 2024, prevese realizar tamén un coloquio sobre “Periodismo e Literatura” xunto coa Fundación Casares e a Fundación Torrente.

Todo isto sen esquecer os actos centrais do 30 aniversario da concesión do premio Cervantes a Camilo José Cela no mes de abril: coa lectura pública de “El Quijote”, cunha exposición ao redor do premio, e co acto protocolario na data do aniversario.

### 2. Iniciativas para o ámbito educativo.

A Fundación, a través do Museo Camilo José Cela, segue a ser un referente para a comunidade educativa.

Cada ano renóvase a programación que se oferta aos centros, na que destaca a atención individualizada e adaptada a tódolos ciclos (dende infantil ata universidades) e un asesoramento previo ao profesorado co único obxectivo de que cada visita sexa o máis produtiva posible para cada alumno.

A Fundación oferta tamén, ano a ano e de forma gratuíta, unha ampla variedade de valixas didácticas a tódolos centros educativos da comunidade autónoma (por período de un mes en cada centro).

### 3. Publicacións

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela seguirá colaborando coa Cátedra de Estudos Hispánicos da Universidade Camilo José Cela na elaboración do “Anuario de estudos celianos” e estará a disposición de todas aquelas persoas ou entidades que pretendan fomentar un mellor coñecemento da vida, obra e o devir cultural de CJC a través das súas publicacións.

Promoverá ademais: a publicación conmemorativa dos últimos encontros de escritores, a reedición de “O Camaleón Solteiro” e a creación dun Blog periódico na páxina Web que permita achegar ao público en xeral o día a día da institución dunha forma máis directa, así coma o mantemento constante das Redes Sociais da Fundación.

### 4. Investigación e formación

A Fundación presta, ano tras ano, un servizo de atención e asesoramento á investigación co obxecto de facilitar o acceso ao legado celiano, ben sexa de forma presencial como a través da consulta dixital dos fondos que xa teña dispoñibles.

A institución mantén permanentes contactos con outras Universidades, escolas e Fundacións a fin de incentivar o intercambio de coñecementos e a creación de sinerxías que desemboquen en intercambios documentais dixitais e/ou na realización de actividades conxuntas de todo tipo.

No ano 2025, a Fundación coma en anos anteriores, seguirá concentrando a súa actividade neste ámbito na materialización e actualización progresiva dos convenios asinados coa Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e co Consello da Cultura Galega, dando lugar este último ao portal “O epistolario Galego de CJC” que será presentado en 2025.

Programa de prácticas: a Fundación oferta anualmente prazas para a realización de prácticas correspondentes a calquera titulación relacionada coa Cultura, a Educación e os Museos.

## EIXO 2. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO LEGADO DA FUNDACIÓN PÚBLICA CJC

Unha parte fundamental do traballo diario na entidade correspóndese coa conservación e mantemento tanto dos seus fondos (inventario, catalogación, mantemento das condicións de conservación, etc.) coma dos edificios que conforman a sede de Iria Flavia (mantemento, reparacións, conservación, etc.)

Neste eido os principais obxectivos de cara o 2025 serán fundamentalmente:

1. Re-inventario: Continuación dos traballos de re-inventario do fondo fundacional.

2. Dixitalización e re-catalogación: A fin de promover a conservación e a posta a disposición na Rede de aquel material que estea catalogado, dixitalizado e libre de dereitos (ou con autorización expresa).

3. Renovación integral dos tellados, galerías e carpinterías de madeira (véntanas e portas): O mal estado dos tellados ao redor das chemineas, sobre todo na Casa 4, fai imprescindible que no 2025 se proceda a acometer a reparación integral dos tellados e das galerías de madeira, así coma de toda á carpintería que presentan ás Casas dos Cóengos propiedade da Fundación Pública Galega Camilo José Cela (véntanas e portas dianteiros e traseiros).

### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
4	4.3	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2025	2026	2027
1	Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.	379.050	383.250	383.250
	<b>TOTAL</b>	<b>379.050</b>	<b>383.250</b>	<b>383.250</b>

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2025	2026	2027
1	Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía. Mellorar a calidade da oferta cultural para as máis pequenas e pequenos e, sobre todo, para a mocidade, que están moi afastados da oferta cultural do país.	379.050	383.250	383.250
<b>TOTAL</b>		<b>379.050</b>	<b>383.250</b>	<b>383.250</b>

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2025	2026	2027	UNIDADES
1.ALUM	VISITAS ESCOLARES	5.000	6.000	7.000	Nº DE ALUMNOS QUE VISITAN O MUSEO CAMILO JOSÉ CELA
1.PRO	PROGRAMAS E ACTUACIÓNS CULTURAI DESENVOLVIDAS	30	30	30	Nº DE ACTIVIDADES, EVENTOS E OUTRAS ACTUACIÓNS
1.VIS	VISITAS TOTAIS AO MUSEO CAMILO JOSÉ CELA	10.000	12.000	15.000	Nº DE VISITANTES TOTAIS
1.WEB	ESTADÍSTICAS SEO Nº USUARIOS	120.000	140.000	160.000	Nº TOTAL DE VISITAS/ SEGUIDORES/ ANALÍTICAS SEO
2.DIX	PORCENTAXE DE FONDOS DIXITALIZADOS	60	65	70	PORCENTAXE REALIZADO
2.INV	PORCENTAXE DE RE-INVENTARIO	90	95	100	PORCENTAXE REALIZADO

## I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
PADRÓN	281.280	96.241	
<b>TOTAL</b>	<b>281.280</b>	<b>96.241</b>	<b>0</b>

## I.3. Previsións orzamentarias e financiamento

### I.3.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2025	2026	2027
CONCELLO DE PADRÓN	20.000	20.000	20.000
INGRESOS POLA ACTIVIDADE PROPIA	10.000	15.000	15.000
<b>TOTAL</b>	<b>30.000</b>	<b>35.000</b>	<b>35.000</b>



## Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	349.050	349.050	349.050
<b>TOTAL</b>	<b>349.050</b>	<b>349.050</b>	<b>349.050</b>

## GASTOS

### Gastos de persoal

	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
Nº Empregados	6	6	6
Custo Total	188.711	190.000	281.280
Custo Medio	31.452	31.667	46.880

### Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026	PREVISIÓN 2027
ARRENDAMENTOS	8.594	8.000	9.000	9.000	9.000
OUTROS SERVIZOS	19.146	16.492	15.000	15.000	15.000
PRIMAS DE SEGUROS	4.838	4.000	4.000	5.000	5.000
PUBLICIDADE	209	1.000	300	1.000	1.000
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN	25.734	30.000	25.000	25.000	25.000
SERVICIOS EXTERNOS	47.291	21.000	20.000	21.000	21.000
SERVIZOS BANCARIOS	16	0	0	0	0
SUBMINISTROS	20.248	13.000	19.200	20.500	20.500
TRANSPORTES	574	1.900	500	500	500
<b>TOTAL</b>	<b>126.650</b>	<b>95.392</b>	<b>93.000</b>	<b>97.000</b>	<b>97.000</b>

### Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2023	ESTIMADO 2024	PREVISIÓN 2025
DOTACIÓN PARA AMORTIZACIÓNS	9.447	6.447	3.447
<b>TOTAL</b>	<b>9.447</b>	<b>6.447</b>	<b>3.447</b>

## I.3.2. Previsións Orzamento de capital

### ORIXES

#### Remanente de Tesourería

	2023	2024
1. Fondos líquidos	198.868	207.764
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	0	0
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	17.333	23.000
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		

	2023	2024
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	17.333	23.000
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	181.535	184.764
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	181.535	184.764

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.01**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) Activo non corrente		10.154	10.147	10.144
I. Inmobilizado intanxible				
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas				
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmobilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico		3.104	3.104	3.104
1. Bens inmobles		3.104	3.104	3.104
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmobilizado material		7.050	7.043	7.040
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		7.050	7.043	7.040
3. Inmobilizado en curso e anticipos				
IV. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Inversións en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		201	210	212
I. Existencias		1	1	
1. Bens destinados á actividade		1	1	
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia				
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar				
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas				
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.01**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	1	1	1
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	199	208	210
	1. Tesourería	199	208	210
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A + B)</b>	<b>10.355</b>	<b>10.357</b>	<b>10.355</b>

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.02**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) Patrimonio Neto		10.337	10.334	10.332
A-1) Fondos propios		8.387	8.387	8.387
I. Dotación fundacional/Fondo social		8.801	8.801	8.801
1. Dotación fundacional/Fondo social		8.801	8.801	8.801
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas				
1. Estatutarias				
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores		-462	-414	-414
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-462	-414	-414
IV. Excedente do exercicio		48		
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		1.950	1.947	1.945
I. Subvencións		1.950	1.947	1.945
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente				
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		17	23	23
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		17	23	23
1. Proveedores				
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		7	11	11
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		10	12	12
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		10.355	10.357	10.355

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.03**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		370	372	379
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		2	3	10
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		19	20	20
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		349	349	349
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil				
3. Gasto por axudas e outros				
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-2	-1	-1
7. Outros ingresos de explotación				
8. Gastos de persoal		-189	-190	-281
a) Soldos, salarios e asimilados		-170	-171	-212
b) Cargas sociais		-18	-19	-69
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-127	-178	-95
a) Servizos exteriores		-125	-95	-93
b) Tributos		-2	-1	-1
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente			-81	-1
10. Amortización do inmovilizado		-9	-6	-3
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		5	3	2
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferencia negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados				
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		48		
16. Ingresos financeiros				
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros				
17. Gastos financeiros				
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.				
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)				
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		48		
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		48		
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas				

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.03**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	<b>B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)</b>			
	<b>C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
	1. Subvencións recibidas	-5	-3	-2
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	<b>C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)</b>	-5	-3	-2
	<b>D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)</b>	-5	-3	-2
	<b>E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO</b>			
	<b>F) AXUSTES POR ERROS</b>			
	<b>G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL</b>	145		
	<b>H) OUTRAS VARIACIÓNS</b>			
	<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)</b>	188	-3	-2

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.04**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	48		
2. Axustes no resultado	5	3	2
a. Amortización do inmovilizado (+)	9	6	3
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	-5	-3	-2
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-156	6	
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)			
c. Outros activos correntes (+/-)			
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	5	6	
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	-161		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-103	9	2
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)			
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)			
c. Inmovilizado material (-)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)			
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	146		
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social	146		
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			



**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2025**

**Formulario F.04**

**FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2023	ESTIMADO 2024	ORZAMENTO 2025
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	146		
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	43	9	2
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	167	199	208
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	199	208	210

